



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Lingua e literatura galegas

Curso Académico: Curso 2019-2020

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [GLLG AM-1](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - [GLLG AM-2](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Finalizadas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [GLLG AM-3](#)
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Lingua e literatura galegas
Mencións/Especialidades	-----
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-----
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos para valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos do Grao en Lingua e Literatura Galegas (GLLG) mantén a súa relevancia no sistema universitario de acordo cos requisitos esixidos no seu ámbito profesional, académico e científico. As accións de actualización desenvolvidas nos últimos cursos supuxeron, entre outras actuacións, a implantación de materias que contribuíron a mellorar a preparación do alumnado, tanto no marco da súa formación académica como no da súa incorporación no mundo laboral, e tamén o cambio de curso de determinadas materias para axeitalas ó grao de formación do alumnado.

Verbo da adecuación do título ás saídas laborais máis inmediatas dos graduados do GLLG, estas continúan a ser o ensino (docencia na Educación Secundaria e docencia en lectorados de universidades fóra do sistema universitario galego) e a investigación (centros públicos de investigación en humanidades e ciencias sociais), amais dos servizos de normalización lingüística das institucións, o mundo editorial e a prensa. Con diferenza, a docencia no ensino obrigatorio das materiais de lingua e literatura galegas é o principal destino profesional do alumnado graduado no GLLG. Nos últimos anos, co incremento do número de prazas ofertadas nas convocatorias de oposicións, foron moitos os graduados que, unha vez superado o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, se incorporaron ós cadros de persoal de centros de ensino. Nos últimos anos convocouse un número apreciable de prazas para profesores de secundaria da especialidade Lingua e literatura galegas (60 en 2019); ó longo deste mesmo ano tamén se convocaron varias prazas de profesores-lectores en universidades de fóra do sistema universitario galego.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos para valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante este curso non se produciron modificacións na oferta de módulos e materias do GLLG. A estrutura de módulos e materias mantíñase de acordo co establecido na MV coas únicas propostas de modificación que afectaron a dúas materias. A primeira delas, *A literatura infantil e xuvenil galega* (G5051342) deixou de se ofertar no curso 2017-18 e foi substituída por *Teoría e práctica da tradución literaria en galego* no curso 2019-2020. A segunda, *Ensino do galego como segunda lingua e lingua estranxeira*, ofertouse por cuarta vez no curso 2019-2020 cun aumento de matriculación importante, o que indica que a materia se vai consolidando. A inclusión desta última materia ten como obxectivo mellorar a formación do alumnado nun aspecto ligado directamente coa principal saída profesional, a docencia.

Non dispoñemos de datos da media de alumnos por grupos teóricos, posto que no indicador IN31G o último ano que vén

indicado é o 2018 (27.9). É de supor que aumentaría, igual cá dos grupos interactivos, cunha progresión ascendente nos últimos anos: a media actual é de 27,22. Isto explicase polo aumento de matrícula desde o ano 2018-19 e mais pola constante diminución do profesorado nos últimos anos.

A media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) (IN55G) é de 59.46, superior á do ano pasado (53). A media dos alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) (IN56G) é inferior, como é previsible: 34,77, e practicamente igual á do ano anterior (34.4).

O total dos alumnos da titulación (IN02G) é de 165 (115 mulleres e 50 homes).

No que toca á participación do alumnado en programas de mobilidade, tanto entrante como saínte (INF.03), o número de participantes é historicamente escaso, dada a singularidade da titulación. Da nosa titulación só se moveron tres alumnos, un co programa ERASMUS (a Irlanda) e dous co SECUE (en España). Para a nosa titulación viñeron seis alumnos de universidades asiáticas (China, Xapón e Corea) e un co programa ERASMUS (de Alemaña). Nos indicadores non se proporciona o dato sobre a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (a última información é do 2018), pero si o dos recibidos: 4,24% (en 2019), o maior número da serie histórica.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos para valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

O GLLG realizou durante este curso accións para garantir a coordinación, que foron imprescindibles para garantir a continuidade da docencia durante a situación de confinamento, a partir do 14 de marzo de 2020, que obrigou a interrupción das aulas presenciais. Tralos primeiros días de desconcerto, retomouse de forma telemática o contacto co alumnado. En cumprimento da R.R. de 7 de abril, enviouse ao profesorado do departamento con docencia no segundo cuatrimestre nas materias do grao, co fin de elaborar un informe sobre o cumprimento das obrigas docentes no Grao de Lingua e Literatura Galegas, que foi enviado ó Decanato o 28/04/2020. Todo o profesorado (agás un) declarou que despois de comezar o confinamento estivo en contacto cos alumnos por medio da aula virtual, maioritariamente, e tamén con outros medios (Teams, email, whatsapp, Skype empresarial ou facebook). Houbo un gran número de dificultades para conseguir cambiar a docencia presencial para a telemática, máis alá dos problemas técnicos (parte do alumnado non ten boa conexión de internet, ou nin sequera wifi). A primeira, e máis obvia, é que as aulas están concibidas desde a presencialidade, e foi complicado mudar esta planificación en tan pouco tempo. Ademais, o profesorado manifestou estar pouco formado en ferramentas que posibiliten o intercambio virtual inmediato, como Teams. Cómpre mencionar aínda a deficiencia de materiais bibliográficos online. Finalmente, apúntase como un problema a situación emocional de parte do alumnado. O único caso que se deu de non contacto cos alumnos, por non ter formación cos medios telemáticos, resolveuse mediante a axuda doutros docentes, que se fixeron cargo de manter contacto co alumnado e da reprogramación das materias. O profesorado cambiou en case tódolos casos a avaliación para un modelo non presencial. Púxose de manifesto a necesidade de aumentar a formación do profesorado na docencia non presencial, dada a posibilidade de que esta situación se repita. Pero tamén hai problemas estruturais que non competen á Universidade, como é a ausencia de medios técnicos (especialmente a conectividade en determinadas áreas xeográficas) por parte dunha porcentaxe non determinada do alumnado (e seguramente tamén do profesorado).

Toda esta situación motivou a necesidade de modificacións na programación académica e no sistema de avaliación, que foron comunicadas ós estudantes pola aula virtual, supervisadas pola coordinación de título e aprobadas pola dirección do departamento. Modificáronse tamén as datas de avaliación.

Ofrecéronse prácticas externas en institucións (de investigación lingüística), unha editorial e servizos de normalización lingüística e realizáronas tres alumnos. Non hai indicadores sobre a satisfacción dos estudantes coas prácticas externas

(IN19), nin cos títolos externos IN20) nin cos títolos académicos (IN21). Segundo o IN22, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2019-2020 que realizou prácticas en empresas ó longo dos seus estudos é do 11,76% (tres, en números absolutos), unha cifra maior do ano anterior (0).

A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións é do 11,76; se se considera que no ano anterior non houbera ningún, parece que foron efectivas as medidas adoptadas no ano anterior (2018-2019), unha reunión informativa para o alumnado onde responsables do centro e da titulación e tamén os representantes das empresas e entidades fixeron unha presentación do sentido xeral e particular desta actividade formativa.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos para valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019-2020 accederon ó GLLG 57 estudantes (IN03). O número inicial de solicitudes foi de 177 para 50 prazas ofertadas. A nota media de acceso dos alumnos que se presentaron ás PAAU foi de 8,754, e o 26,3% accederon cunha nota de entre 10 e 14. A maior parte dos matriculados (41) accederon pola cota xeral; segue a ser alta a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (92,73). A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez en 2019 sobre as prazas ofertadas (IN10G) é do 88%. É de destacar que o 78,9% dos alumnos finalmente matriculados solicitaron o GLLG como primeira opción de preferencia. A taxa de ocupación en 2019 é do 110%. Todos estes datos dan conta da consolidación do grao na oferta de títulos do SUG.

Os alumnos que accederon pola cota xeral, 57, son orixinarios de Galicia excepto dous (INF.CIUG_2019-2020), principalmente procedentes das provincias da Coruña e Pontevedra (44). Certo é que son as provincias con maior poboación, pero no ano de nacemento da maioría dos estudantes que accederon neste curso a poboación destas dúas provincias constituía o 74%, mentres que a porcentaxe do estudiantado que accede á titulación este curso é do 81%, o que constitúe un certo desfase, que pode ter que ver co grao de acceso a ensino universitario entre os estudantes desas zonas, a composición socioeconómica ou outras circunstancias que aquí non podemos ter en conta.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros e do estado español de fóra de Galicia sobre matriculados é moi pequena (0,61 nos dous casos), o que se explica ben polas características da titulación.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos para valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2019-2020, pero a situación da pandemia obrigou a revisar e modificar aspectos fundamentais da docencia (entre os que destacamos a docencia non presencial e o sistema de avaliación).

Durante o curso 2019-2020 aprobáronse o Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster da USC (aprobado no Consello de Goberno do 20/12/2019) e o Estatuto do estudiantado (aprobado polo Claustro Universitario do 28/11/2019).

O 20/02/2020 publicouse no taboleiro electrónico da USC o novo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía. A devandita publicación supoñía a entrada en vigor do Regulamento e a conseguinte derogación do Regulamento da Xunta de Facultade de Filoloxía, que databa de 2005. En relación coa constitución das comisións delegadas e non delegadas da Xunta de Facultade incluídas no novo Regulamento de Réxime Interno, os equipos decanais saínte e entrante acordaron manter de maneira transitoria o actual sistema de comisións da Facultade ata que se produza a proclamación definitiva de candidatas/os electas/os do proceso electoral de representantes nas Xuntas de

Centro como resultado das votacións previstas o 31/03/2020. O proceso foi adiantado por mor da pandemia e non se realizou no curso 2019-2020.

Por mor da pandemia, aprobouse o Réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola Covid-19 (Consello de Goberno do 22 de abril de 2020), e o equipo decanal da Facultade de Filoloxía consensuou con distintos sectores (Direccións de departamento, Coordinacións de Graos e Mencións e representantes do estudantado na Xunta de Facultade) establecer un novo sistema de avaliación para o Traballo Fin de Grao para as oportunidades de xullo e setembro do ano 2020 (contidos e presentación escrita avaliados polo/a titor/a do TFG; a presentación oral, opcional, avaliada por un tribunal). Esta proposta de sistema de avaliación foi aprobada pola Comisión de Títulos de Grao e ratificada pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade de Filoloxía, en reunións celebradas o 29 de abril. Posteriormente foi autorizado pola Vicerreitoría de Organización Académica e pola Secretaría Xeral, con data 6 de maio. As distintas comisións dos másters tamén modificaron o sistema de avaliación dos TFM.

Por mor da pandemia distintas resolucións reitorais foron ditadas, entre as cales destacamos:

Resolución reitoral do 23 de marzo de 2020, sobre modificación das guías docentes como consecuencia da suspensión temporal da actividade docente presencial.

Resolución reitoral do 27 de marzo de 2020 sobre as practicas académicas externas do curso 2019/2020 como consecuencia da súa suspensión temporal derivada da situación de crise sanitaria.

Resolución reitoral do 7 de abril sobre obrigas referidas á docencia non presencial. Destaca a suspensión definitiva da docencia presencial polo que resta de período lectivo do segundo cuadrimestre do curso 2019-2020. Establece as obrigas docentes con respecto á docencia non presencial.

Resolución reitoral do 04/05/2020, pola que se acordan determinados cambios nos prazos de matrícula como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos para valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está publicada na web da Facultade de Filoloxía (<https://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/index.html>) e mais na da USC (<http://www.usc.gal/>). Neste curso non se produciron modificacións importantes na presentación nin nos procedementos de publicación de información na web da Facultade de Filoloxía. Os sitios en que o alumnado interesado pode encontrar información específica sobre o GLLG son:

- Páxina con información xeral descritiva sobre o GLLG: http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/graos/grao_galego/index.html. Nesta páxina pode encontrarse información sobre:
 - [Estrutura do grao: materias e distribución anual](#)
 - [Modalidades para cursar os módulos complementarios e optativo](#)
 - [Información sobre mestrados](#)
 - [Memoria completa \(de verificación\)](#)
 - [Obxectivos, competencias e saídas profesionais](#)
 - [Oferta, admisión e programas das asignaturas](#)
 - [Datos calidade USC](#)
 - [Plan de viabilidade no Grao en Lingua e Literaturas Galegas](#)
 - [Outra información](#) [non necesariamente específica do grao, referida a prácticas, mobilidade, actividades culturais, premios, concursos, certames, calendarios, etc. No curso 2019-20 figuran tamén informacións sobre o COVID-19].

O GLLG conta tamén cun blog mantido pola coordinación do grao e pola dirección do Departamento de Filoloxía Galega no que se ofrece información de interese sobre a titulación e sobre actividades relacionadas: <https://graogalegousc.wordpress.com>. Ademais, mantense unha páxina de Facebook: <https://www.facebook.com/graoenlinguaeliteraturagalegas>

A coordinación do GLLG utilizou a aula virtual de coordinación como ferramenta de comunicación co alumnado. Por medio desta vía fíxoselle chegar información sobre os TFG (procedemento de avaliación, longa noite, cursos de formación e outros), sobre o módulo de orientación laboral e o curso de competencias en información, bolsas de colaboración, prácticas profesionais, concursos literarios, diferentes convocatorias e diversos aspectos que lles afectaban en relación co confinamento.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos para valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o curso 2019-2020, seguíronse os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas, pero víronse afectados polas circunstancias excepcionais. Modificouse o calendario das actividades de Calidade e os procedementos foron adiantados.

As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Máster e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes). A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando: <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

Desde a Facultade realizáronse dúas enquisas de elaboración propia:

- (1) Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: enquisas aos estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade. (vid Informe)
- (2) Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: enquisas aos estudantes que defenden o seu TFG para recoller información sobre a súa satisfacción cos resultados e procedemento en xeral. (vid Informe). Esta enquisa foi adaptada ás circunstancias e ás novas modalidades de avaliación por mor da pandemia.

O centro procurou contribuír a un aumento na participación nas enquisas de satisfacción distribuídas pola ACMP a través de anuncios (información sobre o proceso de avaliación e as datas das enquisas) na pantalla informativa na entrada da facultade, letreiros, correos á lista de distribución do profesorado e publicacións na aula virtual dos coordinadores dos títulos.

Todos os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvóléronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes.

Ao longo do curso 2019-2020 recibíronse no Decanato as seguintes reclamacións:

1.- Grao en Lingas e Literaturas Modernas: reclamación da cualificación na mención de alemán por considerar a reclamante mal aplicados os criterios de avaliación contidos no programa da materia publicado na páxina web. Unha vez emitido informe polo profesorado responsable da docencia e

avaliación e analizado este pola Comisión Extraordinaria de Revisión, acorda ratificar a cualificación obtida por considerar que non existiu discrecionalidade ou arbitrariedade na actuación do profesorado segundo a normativa que rexe o procedemento de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela (Resolución do 15/06/2011 sobre normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións). Presentadas outras dúas reclamacións da cualificación dentro da mención de italiano, non foron admitidas atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011

2.- Grao en Lingua e Literatura Inglesas: reclamación da cualificación dunha materia que non foi admitida a trámite por non acreditar o tratamento arbitrario ou discriminatorio atendendo ao establecido no apartado 3 do art. 9 da Resolución do 15/2011 sobre normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

3.- Grao en Lingua e Literatura Españolas: presentadas 2 reclamacións ás cualificacións outorgadas que foron desestimadas atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

4.- Grao en Filoloxía Clásica: presentadas 3 reclamacións ás cualificación, dúas delas resoltas polo profesorado das materias e a outra non foi admitida a trámite atendendo ao establecido no apartado 3 do artigo 9 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e da revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.

Na memoria do curso 2019/2020 a Oficina de Análise e Reclamacións informa que se presentaron os seguintes recursos:

1.- Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos: presentado recurso potestativo de reposición sobre exención de prezos públicos. Desestimado por non presentar a documentación acreditativa dentro do prazo.

Na memoria do curso 2019/2020 a Oficina de Análise e Reclamacións informa que se presentaron as seguintes queixas

1.- Grao en Lingua e Literatura Españolas: dúas queixas. Un deles pola non expedición dunha certificación académica en inglés que foi estimada e tramitada posteriormente pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte e outra pola tardanza en subir o nota do TFG ao seu expediente que foi estimada.

2.- Grao en Lingua e Literatura Inglesas: dúas queixas relacionadas coa docencia on-line impartida durante o confinamento por mor do COVID-19 que foron desestimadas.

3.- Grao en Linguas e Literaturas Modernas: presentadas 3 queixas. Dúas delas relacionadas coa docencia que foron desestimadas e unha terceira polo retraso da descarga da nota do TFG ao expediente (recepción da acta de TFG) que foi solucionado pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.

4.- Grao en Lingua e Literatura Galegas: queixa polo sistema de avaliación de dúas materias impartidas dentro do grao. A queixa foi contestada pola Sra. Decana.

5.- Máster Universitario en Lingüística Aplicada: Presentada unha queixa por non actualizar a nota media do expediente académico na secretaria virtual. Foi desestimada porque a non actualización era produto de que as actas estaban pendentes de sinatura e finalización.

6.- Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións: queixa presentada pola tardanza na devolución do importe da matrícula anulada en prazo. Xestionado pola Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.

Análise do perfil de ingreso.

A Facultade elaborou unha enquisa dirixida a estudantes de primeiro curso de grao co fin de coñecer a súa procedencia xeográfica, cales son os seus intereses e motivacións para cursar un grao na Facultade, etc. As respostas foron máis numerosas có ano pasado: 45 de 57 matriculados, o que supón case un 79%, polo que os seus datos son bastante fiables. En canto ás motivacións para matricularse no grao, practicamente a metade deles seguen a escoller en case igual medida o interese pola lingua (56%) e pola literatura (51%); séguelle as posibilidades de emprego que ofrecen (16%), e despois o exemplo dun profesor ó longo da súa escolaridade (13%).

É interesante a mención do outro grao que lles gustaría cursar: case no mesmo nivel están o GLE e a mención de portugués do GLLM. Dos outros graos, a titulación que escollería en segundo lugar o noso grao de forma maioritaria é a de Filoloxía Clásica.

A maioría (76%) menciona en primeiro lugar como actividade laboral de preferencia o ensino secundario, en segundo lugar a industria editorial (38%: é o grao con maior preferencia por esta opción) e en terceiro a docencia universitaria (27%).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos para valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019-2020 fíxose o seguimento de todos os títulos de grao e mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC que foi modificado polas circunstancias. Todos os informes foron aprobados o 29/06/2020 na Comisión de Calidade do Centro.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso, onde se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 14/09/2020 (Informe técnico de Área de Calidade e Mellora dos Procedementos 23/09/2020) e foi aprobada pola Xunta de Facultade do Centro o 11/12/2020.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2018-2019 e anteriores, son accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos para valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía e o Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía foron elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020, aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno 30/09/2020. Algúns procedementos non se aplicaron por mor da decisión de manter de maneira transitoria o actual sistema de comisións da Facultade ata que se produza a proclamación definitiva de candidatas/os electas/os do proceso electoral de representantes nas Xuntas de Centro como resultado das votacións previstas o 31/03/2020 (que aínda non se realizaron).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos para valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito de Grao ou Tránsito de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Por mor das circunstancias non se poden comparar algúns parámetros cos cursos anteriores (accións de mobilidade, profesores visitantes...).

Profesorado do título

Os 17 profesores que imparten docencia no GLLG (materias de formación básica con contidos específicos do GLLG, de Maior e de Maior plus) teñen recoñecida experiencia investigadora e docente adecuada para desenvolver as súas tarefas na titulación. O principal problema que existe é o envellecemento do profesorado, dado que, sen contar co profesorado en formación, a media de idade é moi elevada (as persoas máis novas do noso PDI achéganse ós 50 anos). Se non hai renovación, dentro de poucos anos, cando se produza a xubilación de grande parte dos docentes, haberá problemas serios na continuidade. Sabemos que non é un problema exclusivo da nosa titulación: na USC a idade media do PDI é de 53 anos (<https://www.usc.gal/gl/usc/en-cifras/persoal>), pero entre nós é aínda máis grave.

De acordo con datos do curso 2019-2020, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total é do 88,24%, superior á do ano pasado, a de doutores do 87,76% e o 70,41% é funcionario. Cómpre destacar que as porcentaxes de PDI con sexenios e funcionario é superior á media da USC. Nos últimos cursos procurouse unha estabilidade no encargo docente e, como consecuencia, neste curso a maioría dos profesores levaba unha media de 4 anos responsabilizándose das mesmas materias no GLLG. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida é semellante á dos últimos anos: un 3,91%. A taxa de resposta a esta pregunta non chega á metade (47,69), pero é superior á do ano anterior (40,53)

Durante ese curso tivo responsabilidades docentes un investigador en formación con contrato predoutoral da Xunta de Galicia. A este respecto, debemos mencionar que aínda que os contratados en formación con carga docente están sempre tutorizados e supervisados por un PDI, tamén interveñen na toma de decisións que ten lugar nas reunións de coordinación das materias nas que participan como docentes.

O profesorado responsable das materias de 1º curso de formación básica ten ampla experiencia docente e investigadora, como se pode comprobar polos datos que figuran no documento E15_2019-2020.

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO

Título	Grao en Lingua e Literatura Galegas	Centro Facultade de Filoloxía	RUCT 2
--------	-------------------------------------	-------------------------------	--------

Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas
Contrato Predoutoral Xunta	1	5,88%	60,00	2,68%
Profesor: Catedrático de Universidade	3	17,65%	444,00	19,86%
Profesor: Profesor Contratado Doutor	3	17,65%	280,00	12,52%
Profesor: Titular de Universidade	10	58,82%	1452,00	64,94%
Total *	17	100,00%	2236,00	100,00%

A colaboración de profesorado en formación neste nivel achega espírito innovador, maior coñecemento das características do alumnado pola súa recente graduación e unha diferente e nova perspectiva sobre o proceso docente.

Formación do profesorado (I7)

Durante este curso o profesorado do GLLG participou en actividades de formación docente, fundamentalmente a través da oferta da USC e tamén de seminarios específicos ofrecidos na Facultade de Filoloxía, de maneira moi superior á do ano pasado (48,78 fronte ó 18,9%), cousa que ocorreu tamén nas restantes titulacións. Seguramente hai que pólo en relación coas circunstancias excepcionais do curso 2019-20, en que, por causa da COVID-19, o profesorado tivo que mudar de forma súbita a docencia presencial por docencia on-line, o que obrigou a unha formación acelerada en diversas ferramentas (programa Teams, uso máis extenso do Campus virtual, etc.). De feito, fíxose unha acción de mellora no IS do ano pasado para mellorar a súa formación nesas técnicas.

Mobilidade do profesorado (I10)

Ao longo do curso 2019-2020 tiveron lugar 213 accións de mobilidade do PDI do centro (inferior aos cursos anteriores: 2015-2016: 430; 2016-2017: 426, 2017-2018: 385, 2018-2019: 285).

Con respecto ó profesorado do grao de GLLG do Departamento de Filoloxía Galega, no Decanato non hai datos desagregados sobre a mobilidade para asistencia a congresos ou centros de investigación ou outros desprazamentos de duración curta.

Profesores/as e investigadores/as visitantes

Os datos sobre os profesores e investigadores visitantes non están actualizados.

Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade

Durante o curso 2019-2020 celebráronse numerosos eventos, que inclúen congresos e simposios, seminarios, conferencias, cursos e xornadas. A pandemia obrigou a cancelar varios eventos programados no segundo semestre (por exemplo: o Seminario ZOE: Literatura, ecofeminismo e configuracións animais).

Podemos destacar algúns eventos:

No marco do Seforin: Seminario de Formación *Introdución á estatística aplicada* (10-13/12/2019), Conferencia de Sara Torres: *El sueño de una (otra) lengua común* (13/12/2019), Workshop de Wiebcke Blanck: *"Academic Writing for Linguists"* (27/02/2020).

Congresos:

24-25/10/2019: III Congreso Quevedo no contexto europeo

27/11/2019: IV Congreso Performa – Novos espazos / novos formatos no teatro español actual

03-06/03/2020: VIII Congreso Ganimedes

Incorporación de persoal investigador en formación

Durante o curso 2018-2019 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 6 novos contratados e contratadas predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (programas FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos para valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O mesmo que xa indicamos nos informes de ano anteriores, o cadro de persoal de administración e servizos abonda para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e investigador e ao estudantado de tódalas titulacións oficiais de grao, master e doutoramento que se ofrecen no centro.

O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar o seu labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O persoal de Administración e Servizos está composto por:

Rama	Posto	Nº	Relación Contractual	Grupo/ Categoría
Administración	Responsable da Unidade de Xestión de Centros e Departamentos	1	Funcionario	C1/A2/A1
	Responsable de Asuntos Económicos	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Decanato	1	Funcionario	C1
	Secretaría de Departamento	4	Funcionario	C1
	Postos base	3	Funcionario	C2
Servizos	Conserxe	1	Laboral	Grupo 4
	Auxiliar de Servizos	3	Laboral	Grupo 4

No que se refire aos resultados das enquisas de satisfacción (INF.21), cómpre destacar o descenso progresivo na participación desde o primeiro ano da enquisa, 2015-2016, en que a taxa de resposta era do 64,3%, ata o curso en exame, 2019-2020, en que só respondeu unha persoa, polo que non é representativa. Incorporáronse este ano dúas cuestións relacionadas coa información proporcionada sobre o COVID. Obsérvase un aumento na porcentaxe de participación do PAS na realización de cursos de formación (53,85% no curso 2018-2019 e 66,67% no curso 2019-2020), o que mostra unha progresión ascendente desde 2016.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos para valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades vinculadas coa docencia e a formación do GLLG desenvólvense na Facultade de Filoloxía da USC. Estas actividades realizáronse durante o curso 2019-2020 coas importantes incidencias derivadas do confinamento producido polo estado de alarma e a necesidade de improvisar rapidamente a docencia non presencial.

Inclúense aquí os datos referidos ás actuacións e melloras correspondentes ao curso 2019-2020, que complementan ou actualizan a información incluída nos informes de seguimento e renovación da acreditación dos cursos anteriores (espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado).

Biblioteca: Os datos correspondentes aos anos 2019 e 2020 (información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade) son os seguintes:

2019:

Total de volumes de monografías en papel: 205.151

Volumes de monografías en papel ingresados: 1.816

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.740

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 280

Total de documentos catalogados: Monografías: 1.816,

Publicacións periódicas e analíticas de monografías están englobadas nas estatísticas totais da BUSC, as de monografías son 2.949 e de publicacións periódicas 3.671

Volumes prestados no centro: 49.109

Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 46.033

2020

Total de volumes de monografías en papel: 206.892

Volumes de monografías en papel ingresados: 1.401

Títulos de publicacións periódicas en papel: 2.584

Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 114

Total de documentos catalogados: Monografías: 1.401. Analíticas de monografías e publicacións periódicas, están englobadas nas estatísticas totais da BUSC, as de monografías son 1.979 e de publicacións periódicas 3.108.

Volumes prestados no centro: 23.450

Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 26.504

O axudante que fora contratado como funcionario interino o ano anterior para cubrir unha baixa renunciou ao posto en febreiro de 2019 e ata o 10-09-2019 a xerencia non cubriu esa praza (funcionario interino).

Melloras no equipamento e infraestruturas:

Durante o curso 2019-2020 as melloras máis significativas do curso (renovación de equipamento informático, adquisición de mobiliario, acondicionamento e mantemento dos espazos) obxecto de informe son as seguintes:

- Equipamento de "sala de microondas" da facultade e fonte de auga refrixerada.
- Obra de acondicionamento e ampliación de local para depósito de libros da biblioteca da Facultade de Filoloxía.
- Substitución, arranxo de canóns, de ordenadores e de pantallas de proxección en aulas e seminarios de docencia.
- Colocación vinilos no Salón de Actos, nos 136 despachos e nos espazos das Catedras Institucionais (Inauguración dos espazos "Valle-Inclán" e "Jose Ángel Valente" o 12/09/2019).
- Obras de reparación de problemas de filtración de auga, de canlóns e impermeabilización de diversos elementos en fachada e cubertas de reparación de parte do teito dos soportais exteriores da facultade.
- Pintura e reparación de portas, varandas e paredes en diversas dependencias da facultade, lixado, selado e pintura/verniz de portas e rodapés en varias zonas da facultade.
- Obra de desmontaxe e montaxe para substitución de lámpadas nas aulas da facultade por lámpadas led.
- Substitución parcial das cadeiras dos despachos de PDI e aulas.
- Revisión puntos de acceso adicionais para cobertura wifi.
- Arranxo e colocación de estores nalgúnhas aulas, nos corredores e no Salón de Actos.

PAT e participación da Facultade no servizos de orientación e atención ao estudantado durante o curso 2019-2020.

Participación da Facultade de Filoloxía en distintas actividades do programa *A Ponte entre o ensino medio e a USC*. (Datos extraídos da memoria *A Ponte entre o ensino medio e a USC 2019-2020*)

<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/MEMORIA-2019-2020.pdf>

Encontros na USC 2019-2020: Preto de 3.400 estudantes, procedentes de 63 centros de ensino medio de toda Galicia, visitaron o Campus de Santiago, dentro do programa Encontros na Zona USC 2020. As visitas tiveron lugar o 4, 5 e 6 de febreiro. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos

(contidos, saídas profesionais etc.) e visitar os centros. A Facultade de Filoloxía participou activamente na organización do Percorrido1 (Filoloxía e Ciencias da Comunicación): 251 estudantes visitaron a Facultade de Filoloxía.

Participación da Facultade nos Encontros Virtuais:

Dado o estado de alarma organizáronse os “Encontros Virtuais” que tiveron lugar o 6, 7 e 8 de abril (páxina Web de entrada con ligazóns á Oficina de Información Universitaria (OIU), aos diferentes graos da USC e aos distintos servizos da vida universitaria). Todos os graos da facultade foron representados e varios profesores mantiveron unha permanencia on-line.

Participación do PDI da Facultade de Filoloxía nas Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia:

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA

Profesora Contratada Doutora da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Cal ti es, así me dis. Idiosincrasia e universalidade na fraseoloxía galega”

IES SANXILLAO (Lugo) • IES MANUEL CHAMOSO LAMAS (O Carballiño – Ourense) • IES XULIÁN MAGARIÑOS (Negreira - A Coruña) • IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA (Muros - A Coruña) • IES AGRA DE RAÍCES (Cee - A Coruña)

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla: “Por qué nos chamamos así? Os apelidos galegos” • IES DO CAMIÑO (Palas de Rei – Lugo) • IES 12 DE OUTUBRO (Ourense) • IES PEDREGAL DE IRIMIA (Meira – Lugo)

FRANCISCO XOSÉ DUBERT GARCÍA

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Linguas en contacto” • IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra) • IES CAMPO DE SAN ALBERTO (Noia - A Coruña) • IES TERRA DE XALLAS (Santa Comba - A Coruña) • CPI PLURILINGÜE O CRUCE (Cerceda - A Coruña)

MARÍA BELÉN MÉNDEZ NAYA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Inglesa

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Inglesa Charla “Words that tell us stories: why do meanings change? (Palabras que nos contan historias: Por que cambia o significado das palabras?)” • IES BECERREÁ (Becerreá – Lugo) • IES AS LAGOAS (Ourense) • IES MONTE DA VILA (O Grove – Pontevedra) • IES SANXILLAO (Lugo) • IES ARCEBISPO XELMIREZ I (Santiago de Compostela - A Coruña)

VICTOR MILLET SCHRÖDER Catedrático de Universidade da Área de Filoloxía Alemá

Charla “Filoloxías con futuro: Lingua e Literatura Alemás e Humanidades dixitais.” • IES ROSALÍA DE CASTRO (Santiago de Compostela - A Coruña)

NURIA RODRÍGUEZ PEDREIRA

Profesora Titular de Universidade da Área de Filoloxía Francesa

Charla “As linguas modernas na USC: una opción con futuro” CPI PLURILINGÜE O CRUCE (Cerceda - A Coruña)

XULIO SOUSA FERNÁNDEZ

Profesor Titular de Universidade da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa

Charla “Como cambia o significado das palabras?” • IES 12 DE OUTUBRO (Ourense) • CPI PLURILINGÜE O CRUCE (Cerceda - A Coruña)

Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:

Sesión de benvida aos estudantes de grao de novo ingreso (09/09/2019).

Sesión de benvida e orientación para estudantes de mestrados (23/09/2019).

Sesión informativa sobre o TFG para estudantes de cuarto curso (10/09/2019).

Actividades formativas para a elaboración e defensa dos TFG: *A Longa Noite do TFG* (13/02/2020).

Apoio tutorial extraordinario

Sesión informativa sobre as convocatorias de **programas de mobilidade** de estudantes: 21/11/2019: Sesión informativa sobre o programa Erasmus+, dirixida a estudantes de segundo e terceiro cursos.

Atención tutorial da Responsable Académica de Mobilidade da Facultade

Sesión informativa sobre o programa de **prácticas externas** para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (10/09/2019).

3. Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos:

Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China (10/09/2019, 29/01/2020).

4. Empregabilidade e orientación profesional:

Bolsas e ofertas de emprego na web da Facultade. A pandemia supuxo a cancelación de distintas actividades programadas como, por exemplo, o Obradoiro de empregabilidade.

-

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos para valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Co fin de dar conta da consecución dos resultados de aprendizaxe acadados polos titulados, preséntase a continuación a información extraída das diferentes enquisas de satisfacción realizadas no curso 2019-2020.

Docencia do grao

Eficacia do plan de estudos e do proceso de aprendizaxe

Na documentación achegada tamén se ofrecen datos que axudan a valorar a eficacia do plan de estudos en relación co proceso de aprendizaxe. Os indicadores que resultan máis ilustrativos coméntanse a continuación.

- Taxa de éxito (IN35G).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
1º curso	76,49	65,72	64,37	73,94	79,65	91,5
2º curso	80,58	89,33	84,19	85,16	87,68	96,19
3º curso	92,57	91,85	90,87	93,47	92,73	95,63
4º curso	93,79	94,15	95,41	95,45	91,82	97,02
Total (%)	83,84	83,76	83,03	84,11	85,79	94,32
Media Área de Artes e Humanidades	83,80	84,82	86,34	86,03	87,29	93,08
Media USC	85,70	86,20	87,35	87,21	87,78	94,17

A relación entre o número de créditos que superaron os estudantes do GLLG e o número de créditos ós que se presentaron é 94,32, por primeira vez na secuencia histórica superior á media da Área de Artes e Humanidades e á da USC. A mellora nos resultados no 1º curso é moi relevante.

- Taxa de avaliación (IN36G)

Con respecto á relación entre o número de créditos ós que se presentaron e o número total de créditos en que se matricularon (media de 90,66), o valores correspondentes a este ano académico son claramente superiores ós do curso anterior (84,33). A media é semellante á da Área de Artes e Humanidades (90,12) e inferior á da USC (94,21).

- Taxa de rendemento (IN34G)

A relación entre número de créditos superados e número de créditos en que se matriculou o alumnado (créditos ordinarios) é de 85,51, superior ó curso anterior (72,34); aumentou en tódolos cursos; é a cifra máis alta ata o momento, superior á da media da área de artes e humanidades (83,88), e algo inferior á da USC (88,71).

- **Traballo de fin de grao:** Valoración das competencias acadadas na realización do TFG

Enquisa realizada pola Facultade.

Contestáronse 5 enquisas, dun total de 17 TFGs presentados, o que ofrece resultados non moi representativos (corresponde ó 30%). A enquisa é moi longa: son 21 cuestións, e algunha delas con ata 10 preguntas; ó seren tan poucas as respostas estas poden ser diferentes, o que obriga a comentar opinións de unha ou dúas persoas. Enténdese que se queira recadar moito tipo de datos, pero a prolixidade da enquisa pode provocar desidia á hora de contestala. O comentario que segue intentará reflectir as opinións máis comúns.

Con respecto ó tempo dedicado a cada actividade, maioritariamente están de acordo co tempo presentado na enquisa, en todo caso algún din que precisa algo máis de tempo, excepto na exposición oral, en que a algúns parécelle que abonda con menos horas (o tempo que se presentaba na enquisa é de 0,5 horas, pero, en realidade, a exposición oral que se fai é de 10 minutos). Manifestan maioritariamente que sería importante teren actividades formativas de case tódalas propostas na enquisa: xestión de recursos bibliográficos, presentación formal, redacción de documentos, procura de información en bases de datos, técnicas de exposición oral e o uso de software específico. En xeral, declaran que a realización do TFG lles permitiu acadar as competencias preguntadas (cuestións 8, 9 e 10), especialmente as recollidas especificamente para a verificación do título de GLLG; a resposta que acadou maior puntuación foi a relativa ó uso dos coñecementos adquiridos ó longo do grao; as preguntas que obtiveron algunha das puntuacións máis baixas (entre 1 e 3) foron as de adquisición e comprensión de coñecementos, habilidade para traballar en colaboración e en contextos multiculturais de multilingües; curiosamente, unha persoa puntuou con 1 o "dominio de expresión oral e escrita, en galego, en distintos contextos". Chama a atención que 3 de 5 persoas consideren insuficientes as reunións que mantiveron cos titores. O que peor valoran sobre a información proporcionada sobre o TFG foron as xornadas informativas do funcionamento do TFG,

En canto ás novidades deste curso sobre a avaliación do TFG, tódalas persoas que encheron o cuestionario escolleron a opción de avaliación por titor + tribunal. Sobre a influencia da COVID no resultado final do TFG, os resultados son practicamente paritarios ou dispersos, igual cá súa concordancia co novo sistema de avaliación, e cá satisfacción global coa información, a relación co titor e os sistema de avaliación (aquí, maioría de 3). Si se pode considerar de globalmente positiva a realización do TFG (tódalas respostas entre 4 e 5).

- **Comentario xeral [INF.13_1S_ e 2S,2019_2020]**

Á vista da información obtida e exposta é posible sinalar que a valoración que os estudantes fan sobre os resultados obtidos na titulación son positivos: a media é do 3,92 no 1S e do 3,87 no 2S. De todas formas, tódolos indicadores baixan con respecto ó ano pasado. As cualificacións máis altas do 1S refírense ó cumprimento co programa e co plan de traballo previsto (4.28) e ó desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma temporal da materia (4.18). A máis baixa, con 3.59, é sobre a antelación con que o alumnado coñece de antemán os criterios para a corrección de exames e traballos. Os datos do 2S son moi semellantes. A valoración global é lixeiramente máis baixa (3.87 fronte a 3.92). A pregunta máis valorada é a mesma cá do 1S, e a segunda máis valorada é a resolución das dúbidas formuladas (4.11); é un pouco contradictorio que a menos valorada sexa unha cuestión practicamente igual á anterior (O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.), cun 3.63. Non sei ata que punto é necesario ofrecer os resultados desagregados por trimestres. Tal vez se buscaba avalialo impacto da pandemia nestas cuestións, pero os resultados non parecen relevantes. E quizais sería conveniente reformular a redacción das enquisas, en vistas á súa simplificación e para evita-lo cansazo de ter que contestar tantas enquisas. A taxa de participación é baixa: do 42,42% e do 36,72% para cada un dos semestres.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.


Aspectos para valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Demanda e matrícula

A pesar de que a oferta de prazas deste curso se mantivo nas mesmas cifras cós cursos anteriores (50) é de notar o incremento na demanda (176 solicitudes de alumnos de bacharelato, 1 titulado universitario, segundo a información da.CIUG_2019-2020). A matrícula de acceso foi de 57 alumnos. A tendencia é ascendente, como se ve no gráfico da matrícula de acceso:




É de supoñer que as accións emprendidas nos cursos pasados e que se sinalan no IS de 2016-2017 tiveron un efecto positivo sobre a demanda, aínda que, como xa se comentou, non se pode ignorar o efecto que tivo a convocatoria de oposicións no ensino medio, despois de 11 anos sen convocatoria ningunha, e que explica o extraordinario incremento do ano 2017-18. A tendencia, en todo caso, segue a ser ascendente, como se ve nos datos totais de matrícula (IN02G):



A maior parte dos alumnos accederon a través do Bacharelato (97%; o 3% restante accede desde a Formación Profesional) e despois de realizadas as probas de acceso, son mulleres (73%) e seleccionaron o GLLG como primeira preferencia (78,9%).

Como se sinalou en 1.4, a nota media dos alumnos que finalmente se matricularon na titulación (IN06G) é case idéntica á do curso pasado (8,79), pero nunha tendencia que vai sendo ascendente desde que hai datos (6.69 en 2012).



Resultados

A valoración dos resultados está realizada a partir da información que nos consta nestes cursos sobre o percorrido académico e laboral do alumnado. En 6.1 ofrécese tamén información sobre outros índices que complementa a valoración xeral dos resultados (taxa de éxito, taxa de rendemento etc.).

Taxa de graduación e de idoneidade

A taxa de graduación (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis, IN37G) é 48, sensiblemente superior ó ano previo, nunha tendencia que fora aumentando desde 2015-16. De todas formas, é aínda algo inferior á media da Área de Artes e Humanidades (51,56) e da USC (58,53).

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	34,88	19,35	31,58	38,10	38,46	48

A taxa de idoneidade na graduación (IN51G), que expresa a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso é de 24%.

Duración media dos estudos (IN38G)

A duración media de realización dos estudos diminuíu con respecto ó curso pasado.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	4,69	5,55	5,27	4,89	5,40	4,67

Taxa de abandono

A taxa de abandono no primeiro curso (IN40G) é do 14,89%, moi inferior á do ano anterior (54,17%). Tamén é inferior, de 40, a dos estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior (IN41G).

Taxa de abandono RD 1393/2007	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	31,58	48,84	41,94	47,37	23,81	50,00	40,00

Taxa de éxito dos egresados (IN50G)

A taxa de éxito dos egresados (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou) mantense en valores moi similares ós dos dous cursos pasados (85,92).

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	85,14	85,82	85,09	85,68	85,92

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (IN53G)

A relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou vai aumentando progresivamente nos últimos cursos, e é practicamente idéntica ó do ano anterior. Cómpre ter en conta que as diferenzas entre a taxa de eficiencia dos egresados e a taxa de rendemento xeral pode explicarse pola incidencia que nestes valores ten o número de alumnos "non presentados".

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total (%)	78,75	79,50	84,89	85,68	85,92

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos para valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información que se comenta nesta sección está tomada das respostas recollidas das enquisas realizadas ó alumnado do GLLG.

Estudantes

Satisfacción coa docencia recibida (IN46G)

A valoración mantívose nos índices dos cursos pasados, con pequena variación, sempre arredor do 4.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,81	3,92	4,09	4,15	4,11	4,10	3,91

A enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (NF.22) só foi cuberta polo 11.96% do alumnado, polo cal a validez dos seus resultados é moi limitada. As respostas máis baixas refírense á valoración dos trámites de matriculación (2.64), o que non ten que ver coa docencia, senón coa organización administrativa da Universidade. E as seguintes, con menos de 3, son sobre a distribución da carga de traballo (2.9) e sobre a orientación profesional e laboral recibida no centro (2.91). A puntuación máis alta é sobre as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro (3.64). A valoración global é do 3.18.

A valoración das competencias acadadas na realización do Traballo de fin de grao xa foi comentado no punto 6.1.

Matriculáronse 3 alumnos nas prácticas externas, pero, como xa foi comentado no punto 1.3, non hai datos dos informes de satisfacción dos estudantes, nin dos títulos académicos nin dos títulos externos (INF.19, IN20, IN21).

O último ano do que se mostran datos sobre a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G) é o 2018. Tampouco hai datos sobre a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G).

Satisfacción dos egresados coa titulación

O indicador IN42G, sobre satisfacción xeral dos egresados coa titulación, este ano non ofrece datos. A enquisa de satisfacción de egresados (IN09) só rexistra 3 respostas, o que, aínda que representen un 23,08%, parece unha cifra moi baixa como para ser representativa. O grao de satisfacción xeral que manifestan con respecto á titulación é 3,67, lixeiramente superior á media da USC (3,43). De todas formas, como se ve no INF.09, estes datos hai que consideralos relativamente porque a taxa de resposta é moi baixa (3 cuestionarios, o que comporta un 23,08%).

Profesorado

Satisfacción coa docencia impartida (IN47G)

No curso 2018-2019 a satisfacción do profesorado coa docencia impartida é semellante á dos cursos anteriores.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,79	3,77	3,96	3,85	4,18	4,12

Como se detalla no INF.14, o nivel máis alto aparece no trato correcto mantido cos estudantes (4.98) e mais na accesibilidade que o docente pensa que ten nas aulas e nas titorías (4.96). Claro que hai que ter en conta que a un docente pode parecerlle que o seu trato é moi correcto e ó alumno non. Tamén pode haber desaxustes entre a percepción do profesor con respecto á satisfacción do seu labor docente e a que teñen os propios alumnos. Quizais nesta enquisa non debería haber preguntas sobre a autopercepción dos docentes, porque non parece que acheguen unha información obxectiva. Por outro lado, a taxa de resposta é cada vez máis baixa (28,57% este ano con respecto ó 36,84% do pasado).

A puntuación máis baixa dos docentes é relativa ó nivel con que chega o alumnado (3.47). E hai dous ítems que preguntan sobre a satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial debida ó estado de alarma. Despois a anterior, os dous reflicten as puntuacións máis baixas: 3.51 e 3.58. O profesorado valora nun 3.51 a súa experiencia previa no uso de tecnoloxías para a docencia e a avaliación en remoto.

Os datos de satisfacción do PDI coa titulación (INF.23) é de validez relativa, porque a participación foi do 12.9%, aínda máis baixa có ano pasado (27,78), onde só se cubriron 5 cuestionarios. Tódolos ítems desta enquisas presentan unha cualificación moi elevada. A máis baixa é igual á do ano pasado: "o alumnado implícase na titulación?", cun 3, 63.

Persoal de administración e servizos

Satisfacción global do PAS (INF.21)

Só unha persoa contestou esta enquisa, polo que a súa validez representativa é moi limitada. Esa persoa contestou coa máxima puntuación a case tódolos items. A enquisa inclúe como novidade preguntas sobre a información do COVID, que foron contestadas afirmativamente.

Satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas

A satisfacción do PAS coas actividades de formación recibidas é elevada: A valoración media para este curso é de 7,64 (IN29).

Outros grupos de interese

Titores profesionais das prácticas externas (IN21)

Non contamos con información referente ó nivel de satisfacción do titores profesionais das prácticas externas.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos para valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non están á nosa disposición datos cos que revisar a valoración sobre inserción laboral presentada nos cursos precedentes (a última información que nos consta é referente á cohorte de egresados de 2013-2014, tanto no informe I14 2501098 _EIL-SIIU_2019-2020 coma nos datos da ACSUG <http://www.acsug.es/es/insercion/graduados>).

Con respecto a este criterio é preciso facer constar que tanto o centro como a coordinación do grao a través dos portais web e blogs respectivos difunden información sobre convocatorias públicas de contratación que poidan ser de interese para os graduados. De xeito especial, faise difusión das convocatorias de contratos en centros de investigación ligados ó Sistema Universitario Galego.

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Non houbo modificacións no plan de estudos durante este curso.	

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF (a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501098_P.Ind_2019-2020
			2501098_INF.16_2019-2020
			2501098_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501098_P.Ind_2019-2020
			5040_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro

3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501098_P.Ind_2019-2020
			2501098_INF.04_2019-2020
			5040_INF.05_2019-2020
			2501098_INF.06_2019-2020
			2501098_INF.07_2019-2020
			2501098_INF.08_2019-2020
			2501098_INF.09_2019-2020
			5040_INF.10_2019-2020
			5040_INF.11_2019-2020
			2501098_INF.13_2019-2020
			2501098_INF.14_2019-2020
			5040_INF.21_2019-2020
			2501098_INF.22_2019-2020
			2501098_INF.23_2019-2020
2501098_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501098_P.Ind_2019-2020 2501098_Informe_de_indicadores_2019-2020
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501098_E15_2019-2020

4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5040_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5040_I6-17_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501098_INF.13_2019-2020
			2501098_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5040_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2501098_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación)	2501098_P.Ind_2019-2020
			2501098_INF.17_2019-2020

		facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501098_INF.18_2019-2020 2501098_INF.19_2019-2020 2501098_INF_SIIU_2019-2020 2501098_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501098_P.Ind_2019-2020 2501098_INF.CiUG_2019-2020 2501098_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	114	Resultados de inserción laboral	2501098_EIL-SIIU_2019-2020 2501098_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	115	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2501098_P.Ind_2019-2020 2501098_Informe_de_indicadores_2019-2020 2501098_MedUSC_2019-2020

ACCION DE MELLORA	
Código	GLLG_AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Baixa porcentaxe de alumnos que participan en programas de mobilidade
Definición/ descrición proposta	Realizar accións de difusión específicas
Datas	Finalización: 21/12/2020; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Ana Isabel Boullón Agrelo
Tarefa1	GLLG_AM-1.1
Descrición tarefa	Enviar información ó alumnado de 2º e 3º curso para que asistan ás charlas informativas da facultade, que se adoitan celebrar a finais de ano e se fagan conscientes do que isto implica para a súa formación
Data prevista de finalización	21/12/2020
Responsable	Ana Isabel Boullón Agrelo
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	GLLG_AM-2 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Necesidade de mellorar a formación do profesorado na docencia on-line, posta de relevo ante a crise da COVID-19
Definición/ descripción proposta	Analizar a situación do profesorado ante a docencia on-line e animar a súa participación nos cursos respectivos no programa de formación da Universidade
Datas	Finalización: 21/12/2020; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Ana Isabel Boullón Agrelo
Tarefa1	GLLG_AM-2.1
Descrición tarefa	Indagar sobre os recursos electrónicos para a docencia e para a avaliación realizados polo profesorado mediante unha enquisa onde tamén se preguntará polas principais dificultades percibidas.
Data prevista de finalización	21/12/2020
Responsable	Ana Isabel Boullón Agrelo
Estado	Activa
Tarefa2	GLLG_AM-2.2
Descrición tarefa	Analiza-los datos recadados da enquisa e organizar unha reunión cos profesores para comunicarlle
Data prevista de finalización	21/12/2020
Responsable	Ana Isabel Boullón Agrelo

Estado	Activa
--------	--------

ACCION DE MELLORA	
Código	GLLG_AM-3 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Baixa participación profesores do Grao nas charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia
Definición/ descripción proposta	Realizar labores de envío de comunicacións co fin de recadar a súa participación
Datas	Finalización: 30/06/2020; Inicio: 01/06/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 21/06/2020
Responsables	Ana Isabel Boullón Agrelo
Tarefa1	GLLG_AM-3.1
Descrición tarefa	Enviar mensaxe de correo ós profesores do GLLG
Data prevista de finalización	30/06/2020
Responsable	Ana Isabel Boullón Agrelo
Estado	Executada

